

II PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES



II PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

II Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Rianxo

Período de vixencia: 2019 -2022

**Concellería de Benestar Social, Igualdade e Diversidade
CONCELLO DE RIANXO**

Coordinación técnica: Arabías S.Coop.Galega

Deseño e maquetación: Yupiyeyo

Financia: Concello de Rianxo

CONCELLO DE RIANXO

Presentación páx. 1

Principios reitores páx. 3

Obxectivos..... páx. 7

Referentes normativos páx. 11

Metodoloxía..... páx. 15

**Relación de accións por obxectivos estratéxicos
..... páx. 21**

Eixo 1: Transversalidade de xénero na administración local
..... páx. 22

Eixo 2: Mercado laboral, formación para o emprego e vida
profesional..... páx. 24

Eixo 3: Educación para a igualdade páx. 25

Eixo 4: Prevención das violencias machistas..... páx. 26

Eixo 5: Apoderamento e participación social páx. 28

Eixo 6: Corresponsabilidade, coidados e conciliación... páx. 30

Eixo 7: Cultura e deportes..... páx. 32

Eixo 8: Saúde, benestar e calidade de vida páx. 34

Estratexia de seguimento e avaliación páx. 37

Anexos..... páx. 41

Ficha 1: Todas as áreas páx. 42

Ficha 2: Comité de empresa páx. 48

Ficha 3: Secretaría e intervención..... páx. 50

Ficha 4: Urbanismo..... páx. 54

Ficha 5: Cultura, Educación, Xuventude e Normalización lingüística
..... páx. 58

Ficha 6: Deportes..... páx. 76

Ficha 7: Persoal e emprego páx. 84

Ficha 8: Servizos sociais páx. 90



Publicación interactiva

Pincha no índice para navegar polo documento



PRESENTACIÓN

Como Alcalde do Concello de Rianxo, é un pracer presentar este II Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Rianxo, que ten a vontade de ser a estratexia municipal centrada na igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, así como fortalecer o traballo en materia que xa se viña desenvolvendo hai anos a nivel municipal. Agradecemos a participación da veciñanza, de traballadores e traballadoras municipais e de toda a corporación neste plan.

Os avances das últimas décadas é imparábel respecto á conquista de dereitos das mulleres, á posta en marcha dun marco legislativo centrado na igualdade, e a implantación de políticas públicas de igualdade. Aínda así, sabemos que nos nosos días, as desigualdades de xénero e as violencias machistas seguen a reproducirse na nosa sociedade e hai resistencias a mudar as actitudes. Son múltiples os fenómenos que teñen presenza na nosa realidade, como o incremento da feminización da pobreza, o aumento da violencia machista, a falla de corresponsabilidade real ou a invisibilización do papel da muller en diferentes eidos, entre outras.

Neste senso, o Concello de Rianxo é consciente da súa responsabilidade e das súas obrigas legais. E por tanto, hoxe poñemos en marcha esta estratexia integral co obxectivo de activar os medios, mecanismos e recursos necesarios para traballar a prol dunha vila igualitaria e libre de violencias machistas.

A continuación pode consultar o II Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes que contempla futuras medidas que atravesan a administración municipal, posicionando deste xeito, a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes como un eixo fundamental na axenda política municipal.

Adolfo Muíños
Alcalde de Rianxo



PRINCIPIOS REITORES

○ **II Plan de Igualdade de Oportunidades** entre mulleres e homes do concello de Rianxo para o período 2019 – 2022 incorpora os seguintes principios reitores:

01 **MAINSTREAMING OU TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO**

Supón a integración do enfoque de xénero en todas as fases do proceso político e desde todas as áreas de actuación municipal.

02 **IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES**

Implica o recoñecemento das mulleres e nenas como suxeitos de dereito.

03 **NON DISCRIMINACIÓN POR RAZÓN DE SEXO**

Supón a conciencia das desigualdades directas e indirectas por razón de sexo e a actuación para a súa erradicación.

04 **PREVENCIÓN**

Traballando desde a prevención primaria, secundaria e/ou terciaria, para evitar ou minimizar os danos derivados de situacións de discriminación ou violencia machista.

05 **DIVERSIDADE E INTERSECCIONALIDADE**

Recoñecemento das diferencias e as distintas formas de expresar a masculinidade e a feminidade, atendendo ao xénero como concepto dinámico que interrelaciona con outros factores derivados da posición socioeconómica; do hábitat (rural/ urbano); da situación de discapacidade e/ou dependencia; ou da orixe étnica, entre outros.

06 **COEDUCACIÓN**

Apostando por un modelo pedagóxico transformativo e favorecedor de personalidades libres de roles e estereotipos de xénero.

07 **PARTICIPACIÓN E INCIDENCIA POLÍTICA**

Buscando o compromiso e a incorporación de todos os axentes municipais e comunitarios na promoción dunha vila comprometida coa igualdade entre mulleres e homes.

08 **CENTRALIDADE DA VIDA**

Trátase de tomar a vida humana e a súa dignidade como eixo vertebrador das políticas públicas municipais, con especial atención ás persoas máis vulnerables, como poden ser as crianzas e as persoas en situación de dependencia.



OBJECTIVOS

OBXECTIVO XERAL

Promover a igualdade de oportunidades das mulleres e nenas, en toda a súa diversidade e nas diferentes esferas vitais, para o desenvolvemento dunha vida digna e de calidade

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1

Incorporar o enfoque de xénero de forma transversal en todas as áreas técnicas e decisións municipais.

3

Promover a coeducación para transformar os estereotipos e roles de xénero tradicionais aínda presentes na educación familiar, na escola e no conxunto da comunidade.

2

Promover a igualdade de oportunidades no acceso ao emprego, á formación profesional e aos dereitos laborais entre mulleres e homes.

5

Potenciar a participación e a incidencia política das mulleres en todas as esferas da vida comunitaria, con especial atención ao tecido asociativo.

7

Favorecer a incorporación das mulleres aos procesos de creación cultural e impulsar a práctica deportiva feminina a nivel local.

4

Pór en marcha medidas para a prevención e a erradicación de todas as formas de violencia de machista.

6

Promover unha a corresponsabilidade social nos traballos de coidados evidenciado o seu valor para a reprodución da vida humana.

8

Favorecer o acceso á saúde e ao benestar desde un enfoque de xénero.



REFERENTES NORMATIVOS

A igualdade entre mulleres e homes é un principio universal sobre o que existe abundante lexislación a nivel internacional, nacional e autonómico. O II Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes de Rianxo parte na súa referencia dos seguintes textos:

INTERNACIONAIS

1. Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller (CEDAW, 1979).
2. Declaración sobre a eliminación da violencia contra a muller.
3. Convenio de Estambul. Convenio do Consello de Europa sobre a prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica.
4. Axenda 2030. Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.
5. Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade.
6. Declaración sobre os Dereitos das Campesiñas e os Campesiños e outras Persoas que Traballan en Áreas Rurais.
7. Relatoría sobre os Dereitos das Persoas Lesbianas, Gais, Bisexuais, Trans e Intersex (LGTBI).

NACIONAIS

1. Constitución española (1978).
2. Lei 30/2003, de 13 de outubro, sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o goberno.
3. Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
4. Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes.
5. Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades 2014 – 2016.
6. Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención as persoas en situación de dependencia.

AUTONÓMICOS

1. Decreto legislativo 2/2015, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
2. VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017 – 2020.
3. Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018 – 2021.



METODOLOGÍA

O II Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do concello de Rianxo (2019 – 2022) parte dunha diagnose municipal participada que involucrou ao persoal técnico e político municipal, así como a diversos axentes comunitarios, referentes no eido cultural, veciñal, deportivo ou social, así como as propias mulleres de Rianxo.

A “Investigación – Acción” foi a metodoloxía de referencia, combinando técnicas cuantitativas e cualitativas en todo o proceso, que quedou definido nas seguintes fases de traballo:

1ª FASE

REVISIÓN

En primeiro lugar, revisáronse as fontes oficiais de información que arrojan datos desagregados a nivel municipal, entre as que se atopan o Instituto Galego de Estatística, o Servizo de Epidemioloxía, dependente da Dirección Xeral de Saúde Pública, e a Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero.



2ª FASE

ENTREVISTAS E CUESTIONARIOS DIRIXIDOS AO PERSOAL TÉCNICO

En segundo lugar, afondouse na información recompilada coa opinión e os datos facilitados polas áreas técnicas do Concello. Neste sentido, leváronse a cabo entrevistas en profundidade con persoal técnico das áreas de emprego, xuventude, cultura, servizos sociais e turismo.

Ademais, deseñáronse cuestionarios adaptados ás diferentes áreas técnicas, co obxectivo de extraer información de interese para analizar o mapa de desigualdades a nivel municipal. Estas áreas técnicas foron deportes, normalización lingüística e a biblioteca municipal.



3ª FASE

ANÁLISE DA NORMATIVA MUNICIPAL

A terceira fase de traballo consistiu na análise da normativa a nivel municipal do Concello de Rianxo dende unha perspectiva de xénero, para así identificar as maiores eivas en materia.



4ª FASE

DIAGNOSE DE SITUACIÓN

Igualmente, co obxectivo de profundar na realidade da administración municipal dende unha óptica cualitativa coordináronse 3 mesas de traballo:

- a. Unha mesa de traballo á que foron convocadas á totalidade das áreas técnicas, e na que participaron as seguintes: emprego, persoal, desenvolvemento local, servizos sociais, turismo, medio ambiente, deportes, cultura e xuventude. Nesta ocasión o persoal técnico traballou en coordinación para dar luz ás prioridades e necesidades de cada un dos departamentos en materia de igualdade.

- b. Unha mesa de traballo con representantes do tecido asociativo, cultural e deportivo de Rianxo, así como dos centros educativos e das ANPAS correspondentes. Finalmente contamos coa participación da Plataforma polo Centro de Día, ANPA do CEIP do Castelao e do Brea Segade, representantes do CEIP Ana María Diéguez e do CRA, Asociación Veciñal das Festas do Carme e do Club de Remo de Rianxo.
- c. Unha mesa de traballo con mulleres, onde participaron veciñas de Rianxo en representación propia.

5ª FASE



PLANIFICACIÓN ACCIÓN 2019- 2022

Deseño e planificación das actuación a desenvolver no marco do II Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do concello de Rianxo para o período 2019 – 2022. Establecendo as áreas implicadas, así como o calendario e o orzamento aproximado en cada caso, en base ao seguinte esquema de traballo:

- a. Unha mesa de traballo con persoal político da corporación municipal para avanzar nun acordo respecto das liñas de actuación en materia de igualdade para o concello de Rianxo no período 2019 – 2022.
- b. Unha reunión de traballo con persoal técnico das áreas de secretaría, intervención, deportes, cultura, educación, xuventude,

- servizos sociais, participación, emprego, desenvolvemento local, informática, normalización lingüística, e un representante do comité de empresa. Neste espazo xeráronse compromisos e validáronse as accións deseñadas.
- c. Constitución da Comisión de Seguimento do II Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Rianxo.



RELACIÓN DE ACCIÓNES POR OBJETIVOS ESTRATÉGICOS

Eixo 1

TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO NA ADMINISTRACIÓN LOCAL

A administración local é o escenario político máis próximo á cidadanía e, polo tanto, o lugar onde concretar a facer efectivas as liñas políticas derivadas doutras esferas. O persoal técnico das distintas áreas municipais e o seu labor non é neutro respecto das desigualdades entre homes e mulleres, coas súas accións contribúen ben á reprodución do sistema heteropatriarcal, ben á súa transformación.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 1

Incorporar o enfoque de xénero de forma transversal en todas as áreas técnicas e decisións municipais.

Acción 1.1

Creación dunha Comisión de coordinación e seguimento do II PIOMH de Rianxo.

Acción 1.2

Contratación dunha axente de igualdade.

Acción 1.3

Programa formativo dirixido ao persoal técnico municipal en materia de igualdade de xénero e prevención de violencias machistas.

Acción 1.4

Creación e utilización de ferramentas de rexistro de información desagregada por sexo a nivel municipal.

Acción 1.5

Construción dun pacto local en contra das violencias machistas que contemple compromisos e alianzas co tecido económico, asociativo, cultural, xuvenil e deportivo.

Acción 1.6

Elaboración dun protocolo interno de conciliación de vida persoal, familiar e laboral a nivel municipal.

Eixo 1

TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO NA ADMINISTRACIÓN LOCAL

Acción 1.7

Establecer criterios de valoración e condicións de execución ás empresas no eido da contratación.

Acción 1.8

Integración na normativa municipal da diversidade de modelos de unidades de convivencia.

Acción 1.9

Integración na normativa municipal relativa á tenencia de animais perigosos a consideración de antecedentes por delitos relacionados coa violencia machista e a violencia sexual.

Acción 1.10

Incorporación de medidas que favorezan a adaptación dos equipamentos públicos aos coitados de crianzas e persoas en situación de dependencia e/ou discapacidade.

Acción 1.11

Elaboración dun plan de comunicación non sexista dirixido ao persoal técnico municipal e revisión da súa aplicación na normativa municipal.

Eixo 2

MERCADO LABORAL, FORMACIÓN PARA O EMPREGO E VIDA PROFESIONAL

A división sexual do traballo é unha realidade aínda presente nas sociedades contemporáneas e a continuidade de estereotipos e roles de xénero que condicionan o desenvolvemento profesional de mulleres e homes. A discriminación directa e/ou indirecta no mercado laboral por razón de sexo é obxecto fundamental desta liña de acción, así como a concienciación social das diferencias que se derivan da concepción do traballo e do emprego.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 2

Promover a igualdade de oportunidades no acceso ao emprego, á formación profesional e aos dereitos laborais entre mulleres e homes.

Acción 2.1

Formación e asesoramento para favorecer o emprendemento feminino en sectores estratéxicos do eido local.

Acción 2.2

Obradoiros de formación para o emprego dirixidos a mulleres e homes en sectores onde están infrarrepresentadas (ex: construción, coidados...)

Acción 2.3

Elaborar materias de orientación laboral e profesional non sexista

Acción 2.4

Pacto local dos axentes económicos adheridos á campaña do 25 de novembro para eliminar as violencias machistas no eido laboral

Acción 2.5

Estudo das condicións laborais e presenza en espazos de poder das mulleres no sector pesqueiro en Rianxo (xornadas – palestras e publicación)familiar e laboral a nivel municipal.

Eixo 3

EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE

O tránsito da escola mixta a unha escola coeducativa fai necesario apostar por un modelo pedagóxico social que interpele ao conxunto da comunidade educativa e cidadanía de Rianxo, poñendo especial atención á poboación máis nova. Neste senso, resulta fundamental desenvolver liñas de actuación que de apoio coeducativo ao profesorado dos centros de ensino infantil, primario e secundario, e ás propias familias, coa intención de avanzar na superación dos roles e estereotipos de xénero imperantes no proceso de socialización.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 3

Promover a coeducación para transformar os estereotipos e roles de xénero tradicionais aínda presentes na educación familiar, na escola e no conxunto da comunidade.

Acción 3.1

Obradoiros de prevención de violencias machistas dirixidos ao alumnado de secundaria e bacharelato.

Acción 3.2

Obradoiros sobre orientación académico-profesional non sexista en ensino primario.

Acción 3.3

Análise participativa do xogo nos patios escolares e deseño de alternativas non sexistas.

Acción 3.4

Obradoiros dirixidos ás familias para a promoción de modelos de crianza igualitarios e corresponsables.

Acción 3.5

Impulsar medidas que favorezan a conciencia de xénero no profesorado.no de conciliación de vida persoal, familiar e laboral a nivel municipal.

Eixo 4

PREVENCIÓN DAS VIOLENCIAS MACHISTAS

A violencia machista é unha das formas máis graves e directas en que se presenta a desigualdade entre mulleres e homes nas nosas sociedades; concretamente, o fogar e a familia son un espazo particularmente perigoso, de feito, a principal causa de morte, a nivel mundial, das mulleres entre os 15 e os 44 anos de idade é a violencia de xénero; sendo unha das súas formas máis frecuentes aquela que acontece no marco dunha relación afectiva de parella.

Porén, no marco do II Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes de Rianxo, incorpórase un enfoque integral en relación aos distintos tipos de violencia machista, con especial atención á violencia sexual.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 4

Pór en marcha medidas para a prevención e a erradicación de todas as formas de violencia de machista.

Acción 4.1

Elaboración dun protocolo de actuación profesional en materia de violencia machista a nivel municipal.

Acción 4.2

Campana de difusión dos recursos e servizos de prevención e atención a mulleres en situación de violencia machista en coordinación cos CIM Comarcais (lapela no web municipal co mapa de recursos accesibles...).

Acción 4.3

Análise participada da percepción da seguridade das mulleres no espazo público de Rianxo.

Acción 4.4

Consolidar o punto de atención e apoio á vítimas de agresións sexuais durante as festas locais.

Eixo 5

APODERAMENTO E PARTICIPACIÓN SOCIAL

Tomar parte na vida municipal e comunitaria é fundamental para posicionar demandas, intereses e necesidades que atinxen aos distintos grupos sociais. Neste senso, a participación feminina resulta imprescindible para que as decisións comunitarias teñan en conta á totalidade da poboación de forma equilibrada.

Se ben é certo que o municipio de Rianxo ten unha importante tradición e dinamismo a nivel asociativo, non é menos certa a ausencia de asociacións de mulleres así como a tendencia á segregación horizontal no propio tecido asociativo; isto é, a participación e o asociacionismo preséntase atravesado por roles e estereotipos de xénero.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 5

Potenciar a participación e a incidencia política das mulleres en todas as esferas da vida comunitaria, con especial atención ao tecido asociativo.

Acción 5.1

Creación escola de apoderamento para mulleres maiores de 18 anos onde se aborden contidos relativos á mellora da autoestima, o benestar, a prevención de violencias machistas e a autodefensa

Acción 5.2

Construción e dinamización dun Consello Municipal de participación feminista

Acción 5.3

Asesoramento e apoio a mulleres que queiran constituír unha asociación a nivel local

Acción 5.4

Campaña de visibilización e recoñecemento de mulleres rianxeiras significativas (Ex.: nomear rúas e equipamentos municipais...)

Acción 5.5

Establecer medidas de discriminación positiva por razón de sexo nos criterios de concesión de subvencións a entidades e asociacións locais (asociacións culturais, clubs deportivos, asociación empresariais...).

Eixo 5

APODERAMENTO E PARTICIPACIÓN SOCIAL

Acción 5.6

Campaña de promoción do asociacionismo entre mulleres e de creación de colectivos feministas a nivel local

Eixo 6

CORRESPONSABILIDADE COIDADOS E CONCILIACIÓN

Os traballos de coidados seguen recaendo hoxe en día de maneira fundamental nas mulleres, tal e como evidencian os datos oficiais da Enquisa de Emprego do Tempo elaborada polo Instituto Nacional de Estatística. Neste senso, a maior carga global de traballo que elas asumen no marco da familia, atendendo ás crianzas e/ou a persoas en situación de dependencia ten importantes consecuencias, contribuíndo a reforzar roles e estereotipos de xénero, e afondando as desigualdades entre mulleres e homes.

O II Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Rianxo pretende avanzar cara un modelo de maior corresponsabilidade nos coidados das persoas, tanto no plano privado e familiar, coma no eido social e comunitario.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 6

Promover unha a corresponsabilidade social nos traballos de coidados evidenciado o seu valor para a reprodución da vida humana.

Acción 6.1

Estudo dos usos do tempo da poboación de Rianxo, con especial atención ás familias con crianzas e persoas en situación de dependencia.

Acción 6.2

Medidas de apoio á conciliación persoal, familiar e laboral no marco dos centros educativos.

Acción 6.3

Campaña para a posta en valor dos traballos de coidados a nivel municipal, poñendo a vida das persoas no centro.

Acción 6.4

Programa formativo para dar apoio a persoas coidadoras.

Eixo 7

CULTURA E DEPORTES

As desigualdades de xénero reprodúcense nas áreas de cultura e deporte, onde as mulleres seguen tendo, en numerosas ocasións un papel secundario como creadoras e protagonistas. A menor dispoñibilidade de tempo persoal xunto con prexuízos asociados ao que é correcto e o que non en base ao sexo das persoas segue a condicionar a expresión do tempo de lecer de mulleres e homes nas nosas sociedades desde idades temperás.

No eido cultural, se ben os procesos de democratización cultural teñen permitido chegar ao público nun sentido amplo, e mesmo semella que as mulleres acoden maioritariamente ás actividades programadas desde a área de cultura, non acontece o mesmo cando poñemos o foco nos procesos de creación cultural. E o mesmo acontece no deporte, onde a práctica feminina redúcese de forma significativa a partir da adolescencia.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 7

Favorecer a incorporación das mulleres aos procesos de creación cultural e impulsar a práctica deportiva feminina a nivel local.

Acción 6.1

Estudo de horarios e xestión de públicos da programación cultural desde un enfoque de xénero.

Acción 7.2

Estudo da presenza das mulleres no ámbito cultural para logo valorar a incorporación de medidas de discriminación positiva por razón de sexo nos pregos de contratación na área de cultura.

Acción 7.3

Medidas de discriminación positiva en relación ao uso das instalacións deportivas por parte de equipos femininas ou grupos de mulleres.

Acción 7.4

Adaptación das instalacións deportivas en función das demandas das equipos femininas ou grupos de mulleres.

Acción 7.5

Afianzar as medidas de promoción da práctica deportiva feminina, con especial atención na idade da adolescencia e na infancia, a través dunha liña que rompa roles e estereotipos de xénero.

Eixo 7

CULTURA E DEPORTES

Acción 7.6

Campaña de visibilización de mulleres deportistas e creadoras culturais de Rianxo.

Eixo 8

SAÚDE, BENESTAR E CALIDADE DE VIDA

Segundo indica a Organización Mundial da Saúde, as mulleres viven máis anos pero cunha peor calidade de vida; derivada, en moitas ocasións das situacións de violencia e discriminación ás que se ven expostas. Ademais, hai enfermidades relacionadas con patróns de xénero que precisan un maior estudo e coñecemento para avanzar cara un modelo de saúde integral, que supón non so a ausencia de enfermidade senón a existencia de benestar a nivel físico, emocional e social.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 8

Favorecer o acceso á saúde e ao benestar desde un enfoque de xénero.

Acción 8.1

Obradoiros que aborden a saúde desde un enfoque integral e de xénero.



ESTRATEGIA DE SEGUIMIENTO E DE AVALIACIÓN

A execución das distintas accións contempladas no II Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes de Rianxo, verase acompañada por un sistema de seguimento e de avaliación que parte da coordinación entre as distintas áreas técnicas no marco da Comisión de Seguimento do presente Plan.

Para realizar o seguimento e avaliación das distintas actuacións establécese un sistema de indicadores que, en cada caso, permitirá dar conta do grao de cumprimento dos obxectivos establecidos. Deste xeito, os indicadores deberán ser cubertos e postos en común no marco da Comisión anualmente para así valorar en que medida se están logrando os obxectivos marcados.



ANEXOS

FICHAS DE TRABAJO POR ÁREAS MUNICIPALES

FICHA 1. TODAS AS ÁREAS

A administración local é o escenario político máis próximo á cidadanía e, polo tanto, o lugar onde concretar a facer efectivas as liñas políticas derivadas doutras esferas. O persoal técnico das distintas áreas municipais e o seu labor non é neutro respecto das desigualdades entre homes e mulleres, coas súas accións contribúen ben á reprodución do sistema heteropatriarcal, ben á súa transformación.

	2019	2020	2021	2022
Acción 1.1				
Creación e dinamización dunha Comisión de coordinación e seguimento do II PIOMH de Rianxo.	█	█	█	█
Acción 1.2				
Contratación dunha axente de igualdade	█			
Acción 1.3				
Programa formativo dirixido ao persoal técnico municipal en materia de igualdade de xénero e prevención de violencias machistas	█			
Acción 1.4				
Creación e utilización de ferramentas de rexistro de información desagregada por sexo a nivel municipal	█	█	█	█
Acción 1.5				
Construción dun pacto local en contra das violencias machistas que contemple compromisos e alianzas co tecido económico, asociativo, cultural, xuvenil e deportivo.	█	█	█	█

ACCIÓN 1.1	
Descrición Creación dunha Comisión de coordinación e seguimento do II PIOMH de Rianxo	Temporalización 2019
Áreas responsables Alcaldía e servizos sociais	Axentes colaboradores Áreas técnicas municipais
Orzamento aproximado: 0 €	Indicadores de avaliación Nº de reunións da Comisión de Seguimento do II PIOMH; Temática das Reunións

ACCIÓN 1.2	
Descrición Contratación dunha axente de igualdade	Temporalización 2019
Orzamento aproximado Salario da categoría profesional A1 a xornada completa que fixa o Convenio Colectivo.	

ACCIÓN 1.3	
Descrición Programa formativo dirixido ao persoal técnico municipal en materia de igualdade de xénero e prevención de violencias machistas	Temporalización 2019
Áreas responsables Axente de igualdade, persoal e Alcaldía	Axentes colaboradores Comité de empresa
Orzamento aproximado 4.000 – 7.000 €	Indicadores de avaliación Nº de obradoiros organizados; Nº de mulleres e homes participantes; Temática da actividade formativa; Nivel de satisfacción das persoas participantes.
Propostas	
<ul style="list-style-type: none"> • Ter en conta os programas formativos da FEGAMP ou da EGAP • Apostar por unha liña interna formativa para o persoal técnico que aborde as ferramentas de mainstreaming de xénero e incida na prevención de violencias machistas. 	

ACCIÓN 1.4	
Descrición Creación e utilización de ferramentas de rexistro de información desagregada por sexo a nivel municipal	Temporalización 2019 – 2022
Áreas responsables Comisión de Seguimento do II PIOMH de Rianxo e axente de igualdade	Axentes colaboradores Áreas técnicas municipais
Orzamento aproximado: 0 €	Indicadores de avaliación Rexistro de datos desagregados por sexo a nivel municipal
Propostas	
<p>Contratación: nº de empresas contratadas que están dirixidas por mulleres.</p> <p>Participación: nº de mulleres e de homes que ocupan cargos directivos.</p> <p>Deportes: nº de mulleres e de homes que ocupan cargos directivos nos clubs e nº de mulleres e de homes en deportes de base, en actividades de deporte-saúde ou en actividades deportivas. Nº de adestradores e adestradoras. Nº de mulleres no eido do arbitraje.</p> <p>Comercio: nº de mulleres titulares de comercio local.</p> <p>Servizos sociais: nº de persoas usuarias desagregadas por sexo. Nº de persoas por sexo beneficiarias de bonificacións, axudas de emerxencia ou subsidios.</p> <p>Cultura, educación, xuventude: nº de creadores e creadoras culturais locais. Nº de persoas por sexo que asisten á programación cultural. Nº de persoas por sexo que participan de obradoiros, charlas e actividades.</p>	
Recursos	
<ul style="list-style-type: none"> • Observatorio Municipal de Igualdade de Xénero de Compostela • Sistema Estatal de Indicadores de Género del Instituto de la Mujer • Indicadores de Género, Unidad de Igualdad y Género de la Junta de Andalucía 	

ACCIÓN 1.5	
<p>Descrición</p> <p>Construción dun pacto local en contra das violencias machistas que contemple compromisos e alianzas co tecido económico, asociativo, cultural, xuvenil e deportivo.</p>	<p>Temporalización</p> <p>2019-2022</p>
<p>Áreas responsables</p> <p>Todas as áreas municipais</p>	<p>Axentes colaboradores</p> <p>Comunidade educativa; tecido asociativo, cultural, deportivo e económico.</p>
<p>Orzamento aproximado</p> <p>0 €</p>	<p>Indicadores de avaliación</p> <p>Medidas contempladas no pacto segundo axente social adherido. Contido das medidas. Nº de axentes adheridos.</p>

ORZAMENTO ANUAL			
2019	2020	2021	2022
4.000 – 7.000 €			
24273,96 €	24273,96 €	24273,96 €	24273,96 €

FICHA 2. COMITÉ DE EMPRESA

	2019	2020	2021	2022
Acción 1.6				
Elaboración dun protocolo interno de conciliación de vida persoal, familiar e laboral a nivel municipal				

ACCIÓN 1.6	
Descripción Elaboración dun protocolo interno de conciliación de vida persoal, familiar e laboral a nivel municipal	Temporalización 2019
Áreas responsables Áreas responsables: Alcaldía, Persoal e Comité de Empresa	Axentes colaboradores Comisión técnica de seguimento do II PIOMH
Orzamento aproximado 0 €	Indicadores de avaliación Medidas contempladas no pacto segundo axente social adherido. Contido das medidas. Nº de axentes adheridos.

ORZAMENTO ANUAL			
2019	2020	2021	2022
0 €	0 €	0 €	0 €

FICHA 3. SECRETARÍA E INTERVENCIÓN

	2019	2020	2021	2022
Acción 1.7				
Establecer criterios de valoración e condicións de execución ás empresas no eido da contratación.				
Acción 1.8				
Integración na normativa municipal da diversidade de modelos de unidades de convivencia				
Acción 1.9				
Integración na normativa municipal relativa á tenencia de animais perigosos a consideración de antecedentes por delitos relacionados coa violencia machista e a violencia sexual				

ACCIÓN 1.7**Descrición**

Establecer criterios de valoración e condicións de execución ás empresas no eido da contratación.

Temporalización

2019

Áreas responsables

Áreas responsables: Axente de igualdade, secretaría e Intervención

Axentes colaboradores

Persoal técnico de referencia das áreas afectadas.

Orzamento aproximado

0 €

Indicadores de avaliación

Nº de contratos nos que se incorporan criterios de valoración e condicións especiais.

Recursos

Guías da incorporación do xénero na administración municipal do Emakunde:

- [Guía para empresas sobre igualdade en la contratación](#)
- [Cláusulas para la igualdade de mujeres y hombres en contratos, subvenciones y convenios públicos](#)

ACCIÓN 1.8	
Descrición Integración na normativa municipal da diversidade de modelos de unidades de convivencia	Temporalización 2020 – 2022
Áreas responsables Secretaría	Axentes colaboradores Comisión de Seguimento do II PIOMH de Rianxo
Orzamento aproximado 0 €	Indicadores de avaliación Nº de normas que se modifican en función deste criterio.
Propostas Revisión da inclusión da monoparentalidade e a diversidade de convivencia na normativa municipal como modelos de acceso.	

ACCIÓN 1.9	
Descrición Integración na normativa municipal relativa á tenencia de animais perigosos a consideración de antecedentes por delitos relacionados coa violencia machista e a violencia sexual	Temporalización 2020 – 2022
Áreas responsables Secretaría, medio ambiente e policía local	Axentes colaboradores Comisión de Seguimento do II PIOMH de Rianxo
Orzamento aproximado 0 €	Indicadores de avaliación Nº de normas nas que se incorpora a consideración de antecedentes por delitos relacionados coa violencia machista ou sexual.

ORZAMENTO ANUAL			
2019	2020	2021	2022
0 €	0 €	0 €	0 €

FICHA 4. URBANISMO

Garantimos espazos seguros, amigables cos coidados e libres de sexismo no xogo.

	2019	2020	2021	2022
Acción 1.10				
Incorporación de medidas que favorezan a adaptación dos equipamentos públicos aos coidados de crianzas e persoas en situación de dependencia e/ou discapacidade				
Acción 3.3				
Análise participativa do xogo nos patios escolares e deseño de alternativas non sexistas				
Acción 4.3				
Análise participada da percepción da seguridade das mulleres no espazo público de Rianxo.				

ACCIÓN 1.10

Descrición

Incorporación de medidas que favorezan a adaptación dos equipamentos públicos aos coidados de crianzas e persoas en situación de dependencia e/ou discapacidade

Temporalización

2020 – 2022

Áreas responsables

Alcaldía e urbanismo

Orzamento aproximado

A definir por Alcaldía

Indicadores de avaliación

Nº de medidas que favorecen a adaptación dos recursos implantadas ao ano.

Propostas

- Agardar aos resultados do estudo dos tempos para comezar coas medidas.
- Habilitación de espazos de cambio de cueiros na planta de arriba do Auditorio.

Recursos

[Colectiu puntó, colectivo de urbanismo feminista](#)

ACCIÓN 3.3	
Descrición Análise participativa do xogo nos patios escolares e deseño de alternativas non sexistas	Temporalización 2020
Áreas responsables Educación e urbanismo	Axentes colaboradores Axente de igualdade, Centros educativos, Consellos Escolares e Consello Municipal de Educación
Orzamento aproximado 2.000 – 2.500 €	Indicadores de avaliación Nº de centros que participan no estudo; Nº de profesorado e alumnado que participa desagregado por sexo; Nº de intervencións nos patios escolares
Recursos Proceso participado "O noso patio" Coruña	

ACCIÓN 4.3	
Descrición Análise participada da percepción da seguridade das mulleres no espazo público de Rianxo	Temporalización 2021-2022
Áreas responsables Servizos sociais e Urbanismo	
